SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE



# Manual de Acolllida

## Guia de Recursos Informativos

## PERSONAL DE SERVIZOS XERAIS

## FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

## ATENCIÓN PRIMARIA

Este documento está en permanente revisión e actualización

Data actualización: 14/10/2024

v. 1

Elaborado por:

Nuria de Castro - Acuña Iglesias. Subdirectora de Atención á Cronicidade

José Manuel Gómez Casas. Persoal de Servizos Xerais

Margarita Lema Rama. Función Administrativa

Angela Mondelo Estévez. Función Administrativa

Alvaro Sánchez Rodríguez. Persoal de Servizos Xerais

Revisado por:

Monserrat Aguiar Baña. Persoal de Servizos e Xestión

Eva Barral López, Persoal de Servizos Xestión

Concepción Blanco Sanchez. Directora de Atención Primaria

Diorinda Dominguez Muñoz. Xefa do Servizo de Tarxeta Sanitaria

Cristina Enjamio Cabezas. Xefa de Servizo de Equipamentos

Gerardo Ézara Agulleiro. Xefe de Sección Recursos Humanos

Teresa Fariña Varela. Subdirectora de Recursos Económicos

Laura Larriba Leira. Xefa de Servizo de Facturación

Eva López Espantoso. Persoal de Servizos Xerais

Antonio Lorenzo Blanco. Persoal de Servizos Xerais

Clara Olveira Lorenzo. Directora de Procesos de Soporte

Amadeo Salgado Gómez. Función Administrativa

Amparo San José Villace. Subdirectora de Humanización e Atención á Cidadania

Isabel Sastre Gervás. Subdirectora de Prestación Farmacéutica

Cristina Varga Martín. Supervisora de Área de Integración Asistencial

Guillermo Varela Bastida. Subdirector de Recursos Humanos

Silvia Vázquez Perez. Subdirectora de Enfermaría Atención Primaria

Aprobado en Comisión de Dirección da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 14/10/2024

NOTA: Ao longo deste documento utilizarase o xénero gramatical masculino para referirse a grupos mixtos, como aplicación do principio de economía da lingua e para facilitar a súa lectura. Só cando a oposición dos sexos sexa un factor relevante no contexto farase explícito ambos os xéneros.

O obxectivo desta Guía é proporcionarche unha orientación e información básica da nosa organización que facilite o teu labor e a túa integración no Centro de Saúde ou no Punto de Atención Continuada da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Confiamos en que che poida axudar e desexamos que o tempo que traballes connosco percibas a implicación de todo o equipo humano que integramos esta Área Sanitaria, para que os nosos usuarios teñan servizos sanitarios accesibles e sintan que os atenden profesionais altamente cualificados e comprometidos cunha asistencia sanitaria pública personalizada e de calidade.

# Índice

Marco organizativo da Área Sanitaria da Coruña e Cee .......... 5
Recursos básicos para PSX .......... 14
Carteira de Servizos Persoal de Servizos Xerais .......... 16
Que necesito saber sobre o funcionamento do Centro antes de incorporarme? .......... 18
Telefonía. Guía telefónica e solicitude de telefonía/equipos .......... 20
Espazo do profesional .......... 21
Accidente de traballo .......... 21
Prevención de Riscos Laborais (PRL) / Violencia Laboral .......... 22
Aplicativos de uso frecuente para PSX .......... 23
SIGAP | PAC .......... 24
XIDE .......... 25
TARXETA SANITARIA .......... 26
XPE .......... 28
CRM100 .......... 29
TSNUX .......... 29
E-SAÚDE .......... 30
CONECTA 72 .......... 31
CONTACTE .......... 31
LOGAS .......... 32
MANSIS .......... 33
Documentación Clínica .......... 34
Reintegro de Gastos. Prestación Ortoprotésica Ambulatoria .......... 34
Facturación a Terceiros .......... 36
Xestión Ambiental .......... 37
Atención transfronteriza e Comunidade Autónoma Galega .......... 38
Instrucións Previas .......... 38
Segunda Opinión Médica .......... 39
Prescrición:selos médicos e talonarios de receitas .......... 40
Preguntas Frecuentes da Cidadania no Ámbito Sanitario .......... 41
Guia Recursos formativos .......... 42




# Marco organizativo
## da Área Sanitaria da Coruña e Cee

A Área Sanitaria da Coruña e Cee (ASACEC), na zona noroeste da provincia da Coruña, cunha extensión total de 2.830 km$^2$ integra o Distrito Sanitario da Coruña e o Distrito Sanitario de Cee e proporciona unha cobertura sanitaria ao redor de 558.000 cidadáns, pertencentes aos seguintes 36 Concellos:

Distrito A Coruña: Concellos de: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Curtis, Irixoa, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sada, Sobrado dos Monxes, Vilarmaior e Vilasantar.

Distrito de Cee: Concellos de: Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas.

Complementariamente á poboación de referencia directa da ASACEC hai que ter en conta que:

➢ Para determinadas especialidades ou patoloxías o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) actúa como referencia directa das poboacións de Ferrol e Lugo.

➢ Exerce como referencia rexional e CSUR (Centros, Servizos e Unidades de Referencia) en determinadas patoloxías e procedementos.

A Área Sanitaria da Coruña e Cee asume a xestión dos recursos, prestacións e programas de atención sanitaria tanto do nivel de atención primaria como hospitalaria e está constituída por:

- 5 Hospitais,
- 3 Centros de Especialidades,
- 60 Centros de Saúde,
- 12 Consultorios e
- 13 Puntos de Atención Continuada (PAC).

A ASACEC conta cun Hospital Universitario, segundo se recolle no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña, asinado o 18 de outubro de 2001. Para reforzar este ámbito docente e investigador constituíuse o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC)




Máis info.| ☞ Memoria de Activade ASACEC 2023

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

# Organización

## da ASACEC

**Xerente**
xerencia.secretaria.asacec@sergas.es

- Gabinete Comunicación e Relac. Instituc.
  grex.chuac@sergas.es
- Staff de Xerencia e Docum. Clínica
  staff.gerencia.coruna@sergas.es
- Área de Docum. Coñecemento Dixital
  biblioteca.chuac@sergas.es
- Subd. Sistemas e Tec.da información
  Sistemas.tecnoloxías.información@sergas.es
- Subd. Humanización e Aten. á Cidadania
  subdireccion.humanizacion.asacec@sergas.es
- Subd. de Calidade Asistencial
  Calidad.CHUAC@sergas.es
- Coordinación de Admisión
  Admision.CHUAC@sergas.es
- Unid. Docente Multipro. A. Familiar e C.
  docencia.primaria.asacec@sergas.es
- Unid. de Docencia e Formación
  Comision.Docencia.CHUAC@sergas.es
- Unid. de Formación de Enfermería
  Formacion.Enfermeria.Coruna@sergas.es
- Unid. Apoio á Investigación

**Dirección do Distrito Sanitario de Cee**
_XUNSecretDireccion@sergas.es

- Subd. de Enfermaría de Cee

**Dirección Asistencial**
Direccion.Medica.Coruna@sergas.es

- Coord. de Procesos Cirúrxicos

Dirección de Procesos de Soporte
- Subd. Prestación Farmacéutica
  subdir.prestacion.farmaceutica.asacec@sergas.es

Dirección de Atención Hospitalaria
Subdireccion.Médica.Materno.secretaria.CHUAC@sergas.es
- Subd. de Hospitalización e Urxencias
- Subd. de Programación Cirúrxica

Dirección de Atención Primaria
A.S.A.Coruna.e.Cee.Direccion.de.Atencion.Primaria@sergas.es
- Subd. de Atención á Cronicidade
  direccion.medica.xapco@sergas.es
  - Sección Tarxeta Sanitaria
    tarxeta.coruna@sergas.es
  - Xestión de Axendas Atención Primaria
    _XAPCOAxendasCitaPrevia@sergas.es

Dirección de Enfermaría
direccion.enfermeria.chuac@sergas.es
- Subd. de Enfermaría - AP
  Subdireccion.procesos.asistenciais.enfermaria.ap.xxic@sergas.es
- Subd. de Enfermaría – AH (3 Sbd)

**Dirección de Rec. Humanos**
Direccion.RRHH.XXIAC@sergas.es

- Subd. Recursos Humanos

Espazo do Profesional
espazo.do.profesional.coruna@sergas.es
Expediente-e
Expediente.coruna@sergas.es
Servizo Técnico Xurídico
tecnico.xuridico.coruna@sergas.es
Servizo de Custos de Persoal e Retribucións
Servizo de Xestión de Persoal
Recursos Humanos Atención Hospitalaria
Recursos Humanos Atención Primaria
rrhh.coruna@sergas.es
Administración Periférica
_xap.a.coruna.administracion.periferica@sergas.es

**Dirección de Rec. Económicos**
direccion.rree.asacec@sergas.es

- Subd. Recur. Económicos (I)

Servizo de Control da Xestión
Sección de Medioambiente e Calidade
medioambiente.coruna@sergas.es
Servizo de Facturación
facturacion.xxiac@sergas.es
Servizo de Hostalaría (Cociña-Lavandería-Lencería)
hosteleria.limpieza.coruna@sergas.es
Servizo de Ortoprótese e Reintegro de Gastos
uportoprotesis.xco@sergas.es
Servizo de Orden Interno e Seguridade
secretaria.orden.interno.coruna@sergas.es
Almacén ASACEC: mudanzas.coruna@sergas.es

- Subd. Rec. Económicos (II)

Servizo de Contratación
contratacion.asacec@sergas.es
Servizo de Contabilidade
Servizo de Compras e Subminstracións
Supervi.R.Materiais: supervision.rrmm.coruna@sergas.es
Servizo de Equipamentos
equipamentos.asacec@sergas.es
Electromedicina: electromedicina.coruna@sergas.es
Servizo de Mantemento
mantemento.xapco@sergas.es

- Oficina Técnica

Máis info. | ☞ Quen é quen: Organigrama / Directorio

# Atención Primaria

## Recursos




## Servizos de Atención Primaria




- **SAP ABENTE Y LAGO**
  Paseo Sir Jonh Moore, 2 • 15001 A Coruña
- **SAP ELVIÑA-MESOIRO**
  **Centro de Saúde Elviña Mesoiro**
  Alexander Von Humboldt, s/n • 15008 A Coruña
  **Centro de Saúde Novo Mesoiro**
  Os Ancares, 2 • 15190 A Coruña
- **SAP O CASTRILLÓN**
  G. Salcedo Molinero 3 • 15009 A Coruña
- **SAP OS ROSALES**
  Alfonso Rguez. Castelao, s/n • 15009 A Coruña
- **SAP ADORMIDERAS**
  Polígono Adormideras, s/n • 15002 A Coruña
- **SAP FEDERICO TAPIA**
  Federico Tapia, 73 • 15003 A Coruña
- **SAP MATOGRANDE**
  Pintor Luis Quintás Goyanes, 1• 15009 A Coruña
- **SAP O VENTORRILLO**
  Avda. Finisterre, 314 • 15007 A Coruña
- **SAP SAN JOSÉ-A**
  Comandante Fontanes, 8-2ª • 15003 A Coruña
- **SAP CASA DO MAR**
  Avda. Exercito 2A, • 15006 A Coruña
- **SAP LABAÑOU**
  Posterior a Honduras , s/n • 15011 A Coruña
- **SAP MONTE ALTO-A TORRE**
  Luis Rguez. Lago, 2 • 15003 A Coruña
- **SAP OS MALLOS**
  Napoleón Bonaparte, 1 • 15007 A Coruña
- **SAP SAN JOSÉ-B**
  Comandante Fontanes, 8-3ª • 15003 A Coruña

**A CORUÑA: 14 SAP**




- **Centro de Saúde A Laracha**
  Epifanio Campo, s/n • 15145 A Laracha
- **Consultorio de Caion**
  Campo da Insúa, 12 • 15105 A Laracha
- **Centro de Saúde de Cerceda**
  Saúde, s/n • 15185 Cerceda
- **Consultorio da Silva**
  Avda. da Coruña, s/n • 15185 Cerceda

**SAP A LARACHA**




- **Centro de Saúde de Abegondo**
  Campo da Feira, s/n • 15318 Abegondo
- **Centro de Saúde de Cesuras**
  Lugar Buzas-Bragad, 10 • 15391 Cesuras
- **Centro de Oza dos Rios**
  Lugar de Castiñeiras. Os Anxos, s/n • 15380 Oza

**SAP ABEGONDO**

Máis info.| ☞ https://www.sergas.es/bucen/busca-centros-saude




- Centro de Saúde Arteixo
  Travesía de Arteixo, 278 • 15142 Arteixo
- Consultorio de Meicende
  Travesía de Meicende,, 54 • 15140 Arteixo
- Centro de Saúde de Vilarrodís
  Aguceira, 8 –Oseiro • 15141 Arteixo

**SAP ARTEIXO**




- Centro de Saúde de Betanzos
  Avda. Carregal, 17 • 15300 Betanzos
- Centro de Saúde de Figueiras
  Coirós de Arriba, 16 • 15316 Coirós
- Centro de Saúde de Irixoa
  Pazo de Irixoa, 6A • 15313 Irixoa
- Centro de Saúde de Muniferral
  Lugar Vila, s/n • 15317 Aranga
- Centro de Saúde da Castellana
  Villarraso, s/n • 15316 Aranga

**SAP BETANZOS**




- Centro de Saúde Cambre
  Agra de Samosteiro, 4B • 15660 Cambre
- Centro de Saúde O Temple
  Francisco Añón, 7 • 15679 Cambre
- Centro de Saúde Carral
  Belvís, s/n • 15182 Carral

**SAP CAMBRE**




- Centro de Saúde Carballo
  Avda. Ambulatorío, s/n • 15100 Carballo
- Centro de Saúde Malpica
  2ª Trav. Ramona Criado, s/n • 15113 Malpica
- Centro de Saúde Buño
  Rueiro, 12 A • 15111 Malpica
- Centro de Saúde Coristanco
  Pataca, s/n • 15147 Coristanco

**SAP CARBALLO**




- Centro de Saúde Culleredo
  Tierno Galván, s/n . Acea da Ma • 15670 Culleredo
- Centro de Saúde O Portádego
  Avda. do Portádego, 1 • 15670 Culleredo
- Consultorío de Tarrio
  Concello, 9 • 15189 Culleredo

**SAP CULLEREDO**




- Centro de Saúde Curtis
  Ronda do Túnel, s/n • 15310 Curtis
- Centro de Saúde Teixeiro
  Galicia, 4 • 15310 Curtis
- Centro de Saúde Sobrado
  Santiago do Campo, 40 • 15813 Sobrado
- Centro de Saúde Présaras
  Lugar O Chope, s/n • 15307 Vilasantar

**SAP CURTIS**

Máis info.| ☞ https://www.sergas.es/bucen/busca-centros-saude




- Centro de Saúde Miño
  Galera, s/n • 15630 Miño
- Centro de Saúde Vilarmaior
  Armada, 1 • 15637 Vilarmaior
- Centro de Saúde Paderme
  Lugar do Consistorio, s/n • 15314 Paderne

**SAP MIÑO**




- Centro de Saúde Santa Cruz
  Rafael Dieste, 2 • 15179 Oleiros
- Centro de Saúde Perillo
  Etiopía, s/n • 15176 Oleiros
- Consultorio Mera
  A Laguna, s/n • 15171 Oleiros
- Centro de Saúde A Covada
  Rúa da cruz, 26 • 15173 Oleiros

**SAP OLEIROS**




- Centro de Saúde Ponteceso
  Eduardo Blanco Amor, 16 • 15110 Ponteceso
- Consultorio Corme
  Remedios, s/n • 15114 Ponteceso
- Centro de Saúde Laxe
  Cesáreo Pondal, s/n • 15117 Laxe
- Centro de Saúde Cesullas
  Lugar A Caballa, 6 • 15115 Cabana
- Consultorio Nantón
  Lugar A Pedra, s/n • 15110 Cabana

**SAP PONTECESO**




- Centro de Saúde Sada
  Párroco Villanueva, s/n • 15160 Sada
- Centro de Saúde Bergondo
  Lugar San Isidro, s/n • 15165 Bergondo
- Consultorio Guísamo
  Rúa Nueva, s/n • 15640 Bergondo

**SAP SADA**




- Centro de Saúde Cee
  Independencia, 1 • 15270 Cee
- Centro de Saúde Corcubión
  Da Viña, s/n • 15130 Corcubión
- Centro de Saúde Dumbría
  Buxán, s/n • 15151 Dumbría
- Consultorio Ézaro
  Praia de Ézaro, s/n • 15297 Dumbría
- Centro de Saúde Fisterra
  Calafigueira, s/n • 15155 Fisterra
- Centro de Saúde Muxía
  Saúde, s/n • 15124 Muxía

**SAP CEE**




- Centro de Saúde Camariñas
  Rio del Prado, s/n • 15123 Camariñas
- Consultorio Camelle
  Camiño da Área, s/n • 15121 Camariñas
- Consultorio Ponte do Porto
  Curros s/n • 15121 Camariñas
- Centro de Saúde Vimianzo
  Rosalia de castro, s/n • 15129 Vimianzo
- Centro de Saúde Zas
  Paraza do Campo, s/n • 15850 Zas
- Consultorio Baio
  Agro do Rolo,, s/n • 15850 Zas

**SAP VIMIANZO**

Máis info. | ☞ https://www.sergas.es/bucen/busca-centros-saude

# Puntos de Atención Continuada




- PAC

O PAC de Betanzos integra 3 SAP [ SAP ABEGONDO, SAP BETANZOS e SAP MIÑO]

O PAC da Coruña integra 14 SAP

## Ámbito de cobertura PACs

| PAC | ÁMBITO TERRITORIAL_Concello |
|---|---|
| A CORUÑA | A Coruña |
| A LARACHA | A Laracha, Cerceda |
| ARTEIXO | Arteixo |
| BETANZOS | Abegondo, Aranga (Muniferral), Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Miño, Oza, Paderne, Vilarmaior |
| CAMBRE | Cambre, Carral |
| CARBALLO | Carballo, Coristanco, Malpica |
| CEE | Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía |
| CULLEREDO | Culleredo |
| CURTIS | Curtis, Sobrado, Vilasantar, Aranga (A Castellana) |
| OLEIROS | Oleiros |
| PONTECESO | Cabana, Ponteceso, Laxe |
| SADA | Sada, Bergondo |
| VIMIANZO | Camariñas, Vimianzo, Zas |

Máis info.| ☞ https://www.sergas.es/bucen/busca-centros-saude

# Soporte de Atención Domiciliario (ESAD)

## Cobertura equipo ESAD




 [6 equipos]

 [12 Efectivos]

## Unidades de Apoio




- SAP ABENTE Y LAGO
- SAP ADORMIDERAS
- SAP CASA DO MAR
- SAP ELVIÑA-MESOIRO
- SAP FEDERICO TAPIA
- SAP LABAÑOU
- SAP MATOGRANDE
- SAP M. ALTO-A TORRE
- SAP O CASTRILLÓN
- SAP O VENTORRILLO
- SAP OS MALLOS
- SAP OS ROSALES
- SAP SAN JOSÉ - A
- SAP SAN JOSÉ-B

ODONTOLOXÍA · HIXIENE DENTAL · FARMACIA · FISIOTERAPIA · NUTRICIÓN · MATRONA · SAÚDE MENTAL · TRABALLO SOCIAL




Mais info.| ☞ https://www.sergas.es/bucen/busca-centros-saude

| ☞ Memoria de Activade ASACEC 2023

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE



# Recursos Básicos para PERSONAL DE SERVIZOS XERAIS e FUNCIÓN ADM.

# RECURSOS BÁSICOS PARA PSX

Acceso a Guía Telefónica

Tarxeta Sanitaria

Acceso directo a Aplicacións - Intranet XXIAC:, TSNUX, FIDES, MESTRE...

Guías rápidas SIGAP: Cita previa e PAC Quendas.

Xestor de Peticións: XPE – Manual de usuario e XP-RAD_Xestor de Peticións de Radioloxía.

Guía rápida E-Saúde

Guía usuario CHAVE365

LOGAS: Pasos para rexistrar unha solicitud de material

MANSIS- Partes e Avisos cara Mantemento: Aplicacións - Intranet XXIAC

CONTACTE: Información e preguntas frecuentes.

A xestión dos sistema CRM100 en AP Curso en Autoformación - ACIS

Recursos formativos: Plataforma MESTRE e ACIS.

LEMBRA

Acceso ás aplicacións: usuario e contrasinal
Apoio informático chamando a Soporte ☎ 8000

# Carteira de Servizos Persoal de Servizos Xerais
## PSX

A **carteira de Servizos do PSX do centro de saúde** divídese en externa e interna:

- A *carteira de servizos externa* comprende, entre outras, a información, recepción e atención do paciente, expedir xustificantes de asistencia ao centro así como diferentes tramites relacionados coa tarxeta sanitaria, cita previa, CHAVE365, reclamacións e suxestións, xestión de material ortoprotésico, reintegro de gastos, etc.
- A *carteira de servizos interna* comprende, entre outras, a asignación en axenda de todas as citas, xestión de sobredemandas en función do procedemento organizativo interno de cada centro, cumprimentación dos datos administrativos en documentación sanitaria, tramitación de pedidos de material non sanitario, facturación a terceiros, etc.

PARA SABER MÁIS

Carteira de Servizos da Categoría de PSX de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde

[https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1531/Carteira_servizos_PSX_AP.pdf]

A **carteira de Servizos de PSX de PAC** divídese tamén en externa e interna:

- A *carteira de servizos externa* comprende, entre outras, a información e recepción do paciente, información presencial e telefónica aos usuarios sobre a carteira de servizos e información precisa que sexa requirida; expedir xustificantes de asistencia ao centro; tramitación de tarxeta sanitaria: altas rápidas e desprazados; xestión de reclamacións e suxestións a través do aplicativo correspondente, etc.

- A *carteira de servizos interna* comprende, entre outras, a cumprimentación dos datos administrativos en documentación sanitaria, tramitación de pedidos de material non sanitario, mecanización e transcrición de informes así como escaneado de documentación sanitaria, atender as chamadas internas e facturación a terceiros.

As **funcións** xerais comúns para PSX de Centro de Saúde e PAC son:

- Reprografía (fotocopiadora) para o servizo do centro e envío de fax.
- Traslado de documentación sanitaria dentro do centro.
- Atención e apoio físico aos usuarios cando resulte preciso.
- Control das instalacións e vixilancia da limpeza das mesmas.
- Apertura e peche das unidades e servizos.
- Vixilancia do correcto funcionamento das instalacións xestionando os partes de mantemento no caso de ser necesario.
- Tramitar a solicitude de bombonas de osíxeno e nitróxeno a petición do persoal sanitario.
- Custodia das chaves do centro e de todas as súas dependencias.
- Vixilancia e control de accesos.

Ademais, o PSX de centro de saúde desenvolverá a función de:

- Xestión e reparto do correo dos profesionais do centro. Preparación diaria da valixa.

PARA SABER MÁIS

Decreto 160/1996, do 25 de abril, de configuración e introdución no Estatuto de persoal non sanitario de institucións sanitarias da Seguridade Social da categoría de persoal de servizos xerais.

☞ [DOG núm. 94 do 14/05/1996]



## Que necesito saber sobre o funcionamento do Centro antes de incorporarme?

É recomendable contactar previamente co Centro antes de incorporarte para coñecer, entre outros aspectos:

- ✓ Onde recoller as chaves do centro.
- ✓ Se hai alarma, e de ser o caso, o seu contrasinal.
- ✓ Onde se prenden e apagan as luces.
- ✓ Que persoal hai nese centro (médico, enfermaría, servizos de apoio, etc.).

## Lembra que a nosa misión como PSX é axudar:

1. Os PSX sodes o primeiro contacto dos usuarios e pacientes co sistema sanitario, sendo de grande importancia para a experiencia do paciente no seu proceso xa que lle vai a condicionar nos seguintes contactos.
2. Coida a comunicación co usuario, creando un entorno emocional positivo no trato co paciente na súa recepción, escoitándoo con discreción, atendendo nesa comunicación tanto as palabras empregadas como o sorriso, o contacto visual, os xestos, os silencios...

3. Lembra que a linguaxe corporal, a imaxe e a actitude conlevan unha forte carga comunicativa, polo que é importante que os coides.

4. Ás veces, o día a día nos servizos pode ser complexo (chamadas, présas, dúbidas, urxencias, esperas…). Neses momentos procura lembrar as seguintes pautas para xestionar esa complexidade:
   - Trata de manter a calma (autorregulación emocional).
   - Prioriza, valorando a importancia e a urxencia en cada caso.
   - Resolve as situacións dunha en unha.
   - Se é posible, procura un momento para recuperar a serenidade.

5. Cando teñas que pedir o cumprimento dunha norma:
   - Observa sen xulgar.
   - Informa do que ten que facer (sen queixas ou reproches) de xeito claro e directo.
   - Finalmente pide o cumprimento da norma con firmeza e amabilidade.

PARA SABER MÁIS

☞ Manual de estilo dos profesionais do Servizo Galego de Saúde – Consellería de Sanidade, con recomendacións sobre como actuar en determinadas situacións a mellorar a nosa práctica diaria na comunicación e trato cos usuarios e pacientes

# Telefonía

## Guía telefónica e solicitude de telefonía/equipos

Accede directamente ao directorio telefónico a través da intranet da ASACEC




Tamén pódese encontrar os modelos de solicitudes de dotación e reparación de telefonía/equipos

- Solicitudes telefonía/equipos:
  - Instrucións para cubrir o formulario de solicitudes de necesidades de telefonía.
  - Solicitude de nova dotación de comunicación telefónica ou equipos.
  - Solicitude de reparacións, aviso de avarías ou modificación de parámetros das comunicacións.
- Manuais de uso terminais telefónicos.

LEMBRA

As solicitudes cómpre que se acheguen asinadas á Unidade de Orde Interno e Seguridade por e-mail a: secretaria.orden.interno.coruna@sergas.es ou por correo postal.

☏ Comunicacións:
981-178270

295618 / 295613

[Marcar o 0 antes do número cando non sexa extensión rede Sergas]

# Espazo do profesional

Espazo do profesional

O Espazo do Profesional é unha unidade da ASACEC cuxa misión fundamental é atender aos traballadores de calquera dos centros da área de saúde, informándolles, canalizando as súas suxestións e propostas e, en definitiva, axudándolles nos diferentes aspectos da súa vida profesional.

Entre outros servizos inclúe a tramitación da acreditación electrónica/ tarxeta chip que utiliza o persoal [PAE punto de acreditación electrónica].

Horario de atención: 08h00 a 15h00

espazo.do.profesional.coruna@sergas.es

981176248 ou ext. 291033

981176563 ou ext. 291064

981178147 ou ext. 291004

981178296 ou ext. 291021

PARA SABER MÁIS

☞http://espazodoprofesional.xxiac.es

☞ Formularios – Espazo do profesional (xxiac.es):

☞ Guía permisos FIDES (xxiac.es)

# Accidente de traballo

En caso de accidente de traballo é preciso cumprimentar o "parte interno de accidente de traballo" incluído no apartado "Formularios" do Espazo do Profesional, e que deberá ser asinado polo profesional accidentado e pola coordinación de Enfermería/Xefatura de Servizo de AP.

PARA SABER MÁIS

☞ Procedemento Accidentes de Traballo (xxiac.es)

## Prevención de Riscos Laborais (PRL) / Violencia Laboral

Na sección de "Prevención de Riscos Laborais" do Espazo do Profesional podes atopar os seguintes contidos en materia de PRL:

- Datos de contacto da Unidade de PRL da ASACEC
- Violencia no traballo, que inclúe, entre outros documentos, o Plan específico de violencia externa (PEVE) da área e o formulario de comunicación destes incidentes de violencia.
- Información sobre riscos específicos (de seguridade, químicos, biolóxicos, etc.)
- Actividades formativas en PRL.

PARA SABER MÁIS

☞Prevención de riscos laborais – Espazo do profesional (xxiac.es)

☞P-PRL-04-fichero-2.pdf (xxiac.es): Acceso directo ao formulario de comunicación de incidentes de violencia externa.

## Proxecto ACUDE



ACUDE é unha aplicación, dispoñible na barra do escritorio do computador, que permite enviar un aviso aos profesionais próximos para solicitar axuda en caso de atoparse nunha situación de risco. O seu obxectivo é aumentar a seguridade dos profesionais no seu posto de traballo, permitindo controlar con rapidez calquera situación de violencia, perigo ou urxencia, e minimizar as súas consecuencias.

PARA SABER MÁIS

☞ Guía rápida ACUDE

# Aplicativos de uso frecuente para PSX

Na sección de APLICACIÓNS na intranet da ASACEC accedes a distintos aplicativos que se describen a continuación neste documento e que son necesarios no teu posto de traballo como PSX así como aos Portais de axuda con recursos explicativos sobre os mesmos (vídeos, dúbidas frecuentes etc.).




LEMBRA

Solicitar accesos Indicando:
Nome e Apelidos,
Usuario,
Centro,
Categoría,
Observacións (no caso de LOGAS indicar un profesional do centro con acceso para copiar o mesmo perfil)

Enviar solicitude:

LOGAS, Correo corporativo, MANSIS a : secretaria.direccion.xxiac.ap@sergas.es

SIGAP PAC, SIGAP-Xestión axendas/SIMON/CHAVE 365 a: administracion.periferica.xapco@sergas.es

CONTACTE a: Subideccion.humanizacion.asacec@sergas.es

CRM100 a: soporte.implantación@sergas.es

SIGAP
PAC

# SIGAP | PAC

O Sistema Integrado de Xestión "SIGAP" utilízase, entre outras accións, para a xestión da cita previa.




PARA SABER MÁIS

Aplicacións - Intranet XXIAC:

☞ [SIGAP] e

☞ [P.A.C.]

PARA SABER MÁIS

Vídeos SIGAP:

☞ Modo_cita

☞ Modificar cita

☞ Anular cita

☞ Forzar cita

☞ Consultar citas paciente




PARA SABER MÁIS

Guías rápidas SIGAP en Inicio - Punto de encontro SIGAP:

☞ Cita Previa (pdf)

☞ QUENDA MEDIC (pdf)

☞ Rexistro de asistencias e xestión en PAC (pdf)

☞ Asignación profesionais PAC

☞ Xestor de Peticións electrónicas (XPE) (pdf)

☞ Distribucións Imprevistas

☞ Distribucións Previstas (pdf). Recoméndase nestes casos poñerse antes en contacto coa Unidade de Axendas – ☏ 981 219 094 / Ext. 297326.

PARA SABER MÁIS

Recursos Formativos:

☞ MESTRE-SIGAP:

- Rexistro PAC Básico
- Cita previa
- Xestión de ausencias

☞ En Autoformación - Axencia Galega de Coñecemento en Saúde:

- Básico de SIGAP PAC

# XIDE

O XIDE (Xestión Integral dá Demanda en Equipo) permite ofrecer á cidadanía citas dirixidas por motivo de consulta, o que reduce os tempos de espera para resolver as súas demandas. Funciona a través dun algoritmo que, segundo o motivo de consulta, orienta cara ao profesional máis adecuado, así como sobre se a consulta debe ser presencial ou telefónica, inmediata ou urxente, no día ou ordinaria. Accédese ao XIDE a través do SIGAP unha vez introducido o paciente obxecto da consulta. A continuación inclúense uns consellos para o seu uso por parte do persoal administrativo:

- Ao introducir no cadro de procura a palabra "informe" sairá unha listaxe con todos os informes de saúde que pode solicitar un paciente, incluíndo en cada un deles a información relativa a quen o emite (Sergas, entidade externa, mutuas etc.).
- Cadro con palabras chave para realizar consúltalas/procuras máis frecuentes en XIDE:

| Palabras Clave Consultas Xide | | | |
|---|---|---|---|
| **Med. Familia** | **Enfermería** | **Pediatría** | **Trab. Social** |
| Volante | Tension | Pns | Dependencia |
| Parte Baja | Glucemia | Gardería | Dereito Asist. |
| Parte Seg/alta | Curas | **Matrona** | Trabajadora |
| Justif. Ausencia | Electro | Citología | **Dentista** |
| Resultado | Vacuna | Embarazo | Dental |
| Informe | Analítica | Clases prep. | Moa |
| Ausencia Mot. | | | |

PARA SABER MÁIS

☞ XIDE - Documentos consolidados (sergas.local)

☞ Aclaración citación dobre en XIDE (pdf)

☞ACLARACION_MOTOR_DE_BUSQUEDA_SIGAP-XIDE (pdf)

# Tarxeta Sanitaria

A tarxeta sanitaria é un documento que emiten os servizos de saúde das comunidades autónomas e que acredita o dereito á asistencia sanitaria pública aos asegurados/beneficiarios recoñecidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou polo Instituto Social da Mariña (ISM), facilitando o acceso aos centros sanitarios do Sistema Nacional de Saúde.




A tarxeta sanitaria galega está vixente mentres o cidadán consta de alta no Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria, sendo o devandito sistema de información o que realmente pode acreditar o dereito á asistencia sanitaria pública.

Desde febreiro de 2011 a tarxeta sanitaria galega non caduca.

LEMBRA

